

SOLUCIÓNS DAS ACTIVIDADES DO MES DE ABRIL - 2º PMAR

1ª SEMANA - Lingua Galega e Literatura

Páxinas 194- 195

1.

Logo (tempo), todo (cantidade), axiña (tempo), detrás (lugar), agora (tempo), máis (cantidade), a moreas (locución adverbial, cantidade), xa (tempo), ademais (cantidade), sempre (tempo), tanto (cantidade), tampouco (negación), moi (cantidade), ben (modo).

2.

- Onte pola noite seica chegastes cedo á casa.
- Agora resulta fácil, pero antes era complicado.
- É cerca, mais se imos tan devagar...

3.

Algures: algún sitio; **ningures:** ningún sitio; **asemade:** ao mesmo tempo; **decote:** a diario; **xaora:** por suposto; **devagar:** pouco a pouco; **abofé:** de verdade.

- Facédeo devagar se queredes que vos saia ben.
- Daquela estudaba e, asemade, traballaba nun bar.
- Abofé que foi como o contei. Eu nunca minto!
- Cando vaias a algures vou contigo, a onde sexa.

Oracións: xa volals corrixín eu .

4.

Xa está corrixido .

5.

antes de onte- 7-mércores

antonte - 8 - xoves

onte - 9 - venres

hoxe - 10 -sábado

mañá - 11 - luns

pasadomañá -12 - martes

6.

Moi modifica a: elegante; **axiña** modifica a se manchou; **aínda que** modifica a é algo longo; **algo** modifica a longo; **bastante ben** modifica a está; **bastante** modifica a ben, **talvez** modifica a cheguei demasiado cedo; **demasiado cedo** modifica a cheguei; **demasiado** modifica a cedo; **fóra** modifica a espero.

7.

- Empezou á presa, pero acabou a deshora.
- Non é de balde! Custa por aí uns 25 euros.
- Foi a propósito, pero traballou tanto en balde.
- Ti fas a miúdo as cousas pouco a pouco?

8.

Xa está corrixido.

9.

A miúdo (tempo), bastante (cantidade), de vez en cando (tempo), tamén (afirmación), verdadeiramente (afirmación), antes de antonte (tempo), moi (cantidade), ás carreiras

(modo), ao lado (lugar), Logo (tempo), case de súpeto (tempo), talvez (dúbida), aínda (tempo), non (negación), cando (tempo), nin tan sequera (negación) xa (tempo), non (negación), ao momento (tempo), despois (tempo), tampouco (negación), axiña (tempo), si (afirmación), antes (tempo), a correr (modo), tan (cantidade), de ningún modo (negación), rapidamente (modo), entón (tempo), alí (lugar), a escape (modo), se cadra (dúbida), abofé (afirmación), moito (cantidade), mellor (cantidade), algo (cantidade), menos (cantidade).

2ª SEMANA - Lingua Galega e Literatura

Páxinas 212 - 213

1.

- E viron como se movía un cacho **de** xiz **sobre** a súa superficie negra.
- **Por** algunha razón todos miraban **para** a Trunchbull.
- Balanceouse **durante** uns instantes e logo, de súpeto, caeu ao (a+o) chan e partiu **en** dous.
- Achegouse á (a + a) directora, axeonllouse **onda** ela.
- Comezaron **a** saír da (de + a) aula **sen** présa.

2.

Xa está corrixido

3.

Coñeces a famosa cova do rei Cintolo? Pois está alá por Lugo, concretamente onda Mondoñedo. E a lenda sobre esa cova? Pois conta que seica houbo un rei en Galicia que se chamaba Cintolo e que vivía moi feliz con Xila, a súa filla. A rapaza medrou sen ningún problema ata que se converteu nunha moza moi fermosa. Daquela, malia o poder do pai, foi vítima dun meigallo e quedou presa na cova. Segundo din, desde entón a princesa está á espera dun rapaz que se atreva a entrar para liberala.

4.

Ao, á, aos; cos, coas; na, nas, no; polo; deles; cun; dun; nese.

5.

Cara ao, a carón de, fóra de, detrás de.

6.

Xa está corrixido.

7.

- Adversativa → Di que si, **pero** eu non sei...
- Copulativa → Vou con Carme **e** André.
- Disxuntiva → Podes gañar aínda **que** podes perder.
- Copulativa → Non comen **nin** beben nada.
- Adversativa → Quero ir, **mais** non me deixan.

3ª SEMANA - Lingua Galega e Literatura

Na liña 13 da lectura aparece “ ven” “ven” sen til, poñédello porque o leva. É a 3ª persoa de sing. do presente do verbo vir

Lectura : O acomodador

1.

Cun «taboleiro cheo de cadros da película, colgado da parede para que a xente saiba de que trata...».

2.

Porque o galiñeiro custaba a metade que a entrada de butacas.

3.

Porque ao daren as sete badaladas, todos os do galiñeiro comezaron a patexar e a protestar.

4.

Ao final, todos tiñan que pagar as 12 cadelas de butaca, porque o Macabeu botaba fóra do galiñeiro cada domingo e cada xoves a dous ou tres rapaces.

5.

Resposta b). Conta cousas do cine.

6.

Resposta b) Enfadarse moito alguén e actuar sen control.

7.

Arturo: O Macabeu botouno fóra.

Miguel: Botoulle a auga ao acomodador.

O Macabeu: Era o acomodador do galiñeiro.

Ricardiño: Chegou tarde ao cine.

8.

Pasadas as sete da tarde.

9.

Por exemplo: «...entón unha butaca custaba 12 cadelas, e unha entrada de galiñeiro, seis».

Resposta: Agora non sería posible. Na actualidade, as salas de cine non teñen «galiñeiro», nin hai localidades de prezo diferente.

10.

Opinión persoal.

11.

Opinión persoal.